# LIBROS EN PRIMAVERA




*Julio Llamazares regresou á ficción con "As bágoas de San Lorenzo", unha novela moi intimista que nos fala do paso do tempo, da fugacidade da nosa existencia e das relacións entre xeracións. (diario de Navarra)*




*Nun Madrid devastado, recén saído da guerra civil, sobrevivir é un duro oficio cotián. Especialmente para Manolita, unha moza de dezaoito anos que ten que facerse cargo da súa irmá Isabel e doutros tres máis pequenos.*




*Mar de mañá intérnase nas consecuencias máis íntimas e persoais dun conflito bélico e diplomático, que inevitablemente esgaza innumerables vidas con loitas cruentas e inxustificados odios. (O Imparcial)*




*A verdade sobre o caso Harry Quebert, de Joël Dicker, é unha novela de suspense a tres tempos -1975, 1998 e 2008- acerca do asasinato dunha moza de quince anos na pequena cidade de Aurora, en New Hampshire.*




*No esixente xénero da novela curta, que tantas obras mestras deu na tradición latinoamericana, Vásquez regála nos a súa obra máis íntima: unha intensa reflexión sobre a debilidade dos xuízos públicos e privados.*




*Para un achegamento á figura de Xosé María Díaz Castro. Letras Galegas 2014 Xosé María Díaz Castro convertiuse nunha das figuras referenciais da poesía galega do século XX.*




*O termo Nimbos explícao todo: "é o nimbo dos santos, a aureola que rodea a cabeza dos santos, unha aureola de gloria. E coma unha aureola que lles poñemos ás cousas para facelas resaltar máis… Algún crítico dixo que era un home con moito respecto ás cousas, un respecto ás criaturas de Deus non acariñadas. Esas son as que busca o poeta para elevalas a unha categoría, e por iso envólveas nun nimbo de luz, para darlles gloria"..*

**BIBLIOTECA**
**IES DE VILALONGA ,**
**ABRIL 2014**

# BIBLIOTECA IES DE VILALONGA
# PRIMAVERA DE LIBROS PARA OS MÁIS NOVOS
# 2013-2014



*Tan só son necesarias dúas cartas para pór a andar a máquina das lembranzas.*

***DÚAS LETTERS*, Bernardo Atxaga**



*Primeiro libro da triloxía fantástica"AS CRÓNICAS DE LANDEREINA" Durante corenta anos, Landereina sufriu baixo o poder do malvado Wiasmau.*




*Chitón foi a última palabra que Raymond Federman, con trece anos, oíu pronunciar a súa nai o día no que esta o escondeu nun rocho...*




*Pasaron os anos e Fermín Escartín, o peculiar e desastroso detective privado, enfróntase ao que posiblemente sexa o último caso da súa carreira.*




*Unha biografía especial na que se van zurcindo historias de xente que viviu con Vicente Ferrer e que nos amosa a dimensión máis humana, intelixente e irónica do personaxe.*




*Ao noso carón o complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán constitúen un dos espazos protexidos con maior riqueza ornitolóxica.*




*A Química é unha ciencia de enorme importancia, que ten que ver moi pouco coa imaxe pobre e nesgada que transmiten a miúdo dela certos medios de comunicación.*

*Esta colección pretende mostrar conceptos básicos das principais materias de ciencias que estean ao alcance de todos.*

**BIBLIOTECA IES DE VILALONGA PRIMAVERA 2014**

# GUÍA CÓMIC PRIMAVERA 2014
# BIBLIOTECA DO IES DE VILALONGA



Un adolescente insatisfeito
e apaixonado vai traballar
a un campamento de verán
dando un paso cara a madurez




A terrible experiencia
do Holocausto en Auschwitzy
entre gatos nazis et ratos xudeos







No mundo no que
vivimos
hai cousas ocultas cun
terrible poder
que volvería tolo a
calquera mortal

A vida dura de Médicos
sen Fronteiras en Afganistán
seguida de preto por un
fotógrafo










Un repertorio de
costumes e
comportamentos dos
xoves de hoxe

Un libro no que todo é
case 100% verdade

# GUÍA CINE PRIMAVERA




A Costa Azul, 1915. Auguste Renoir, está no ocaso da súa vida, pero cando unha moza entra na súa vida séntese de novo cheo de enerxía.




Película coral de humor absurdo, cun guion surrealista repleto de situacións de humor delirante nun pobo da Serra de Albacete.




Lorenzo é un adolescente de catorce anos que enganan os seus pais coa coartada de que se vai esquiar a unha estación cuns amigos para, en realidade, pasar eses días no soto abandonado do propio domicilio familiar.




Un publicista, cunha exitosa carreira profesional e unha vida persoal baleira, diríxese á carreira a unha importante reunión de negocios. Durante o traxecto coñece unha mochileira que o fai reformularse o seu xeito de vivir.




Aínda non ben rematado o franquismo, nunha idílica e recóndita aldea galega, vive Breixo, un mozo idealista e altruísta. Un día encóntrase cos membros dunha comuna situada nas inmediacións da súa aldea e déixase seducir polo seu estilo de vida.




"A pegada dos avós" é unha película documental que aborda a memoria histórica dende un punto de vista moi pouco tratado, os que buscan respostas son un grupo de adolescentes estudantes de último curso de bacharelato artístico.

**BIBLIOTECA IES DE VILALONGA -ABRIL 2014-**